

**GUÍA INFORMATIVA E DE ESPECIFICACIÓNS DAS
PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL AVANZADO C1
ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS
GALICIA
CURSO 2023-2024**



CONTIDO

1. Introducción
2. Perfil das persoas candidatas
3. Requisitos para presentarse ás probas
4. Número de convocatorias
5. Dereitos das persoas candidatas
6. Obrigas das persoas candidatas
7. Definición do nivel avanzado C1
8. Estrutura da proba de certificación de nivel avanzado C1
9. Distribución e orde de administración da proba
10. Competencias e contidos
11. Temas
12. Tipos de texto
13. Características de cada parte da proba
14. Resultados
15. Recomendacións finais

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento contén a descrición das probas de certificación correspondentes ao nivel avanzado C1 que se realizarán polo réxime libre durante o curso 2023-2024 nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia. Ten a finalidade de facilitarlles información sobre a estrutura e o contido destas probas ás persoas candidatas.

As probas de certificación do nivel avanzado C1 están reguladas polo marco legal e administrativo establecido nos seguintes documentos:

- A **Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (BOE núm. 106, 4 de maio de 2006), modificada pola **Lei orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE núm. 295, martes 10 de decembro de 2013).
- O **Real decreto 1041/2017**, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto (BOE núm. 311, sábado 23 de decembro de 2017).
- O **Decreto 81/2018**, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 154 luns, 13 de agosto de 2018).
- O **Real Decreto 1/2019**, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial (BOE núm. 11, sábado 12 de xaneiro de 2019).
- A **Resolución do 16 de maio de 2023**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/2024.
- A **Instrución 8/2023**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24.
- A **Instrución 11/2023**, da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime libre para o curso 2023/2024.

2. PERFIL DAS PERSOAS CANDIDATAS

O perfil do alumnado das EOI é moi variado, tanto pola idade como pola súa formación, nivel cultural e motivación. En consecuencia, as probas estarán deseñadas para un alumnado heteroxéneo.



3. REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS

Poderán presentarse a estas probas aquelas persoas que desexen obter unha certificación académica que faga constar o seu nivel de competencia comunicativa no idioma obxecto de exame e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de 16 anos (ou de 14, se se examina dunha lingua distinta á que cursa como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria) ou cumprilos no ano 2024, independentemente do seu nivel de estudos ou profesión.
- Efectuar, dentro dos prazos establecidos, os trámites de inscrición e aboar as taxas correspondentes para realizar as probas.

4. NÚMERO DE CONVOCATORIAS

O alumnado libre disporá de unha convocatoria para a obtención do certificado de nivel avanzado C1.

O calendario das probas escritas é o fixado no anexo V da Instrución 11/2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional. As datas das probas orais serán fixadas por cada escola e poderán ser consultadas nas diferentes EOI e nas súas páxinas web.

5. DEREITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Adaptación da proba para persoas con diversidade funcional

É posible a adaptación da proba ás necesidades especiais daquelas persoas candidatas que presenten algún tipo de discapacidade motriz, visual ou auditiva.

As persoas candidatas que se matriculen en réxime libre deben declarar e xustificar estas circunstancias no momento de formalizar a matrícula mediante unha certificación oficial acreditativa da súa discapacidade e do grao desta. A escola poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que emitan un informe sobre as medidas necesarias para avaliar estas persoas candidatas, tendo en conta as medidas recollidas no Anexo III da Instrución 11/2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Solicitud de adaptación da proba

As persoas candidatas que precisen adaptación deberán encher o formulario de Solicitud de adaptación da proba, Anexo II da Instrución 11/2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Xustificantes de asistencia

As persoas candidatas poderán solicitar un xustificante de asistencia ao exame. Este xustificante solicitaráselle ao profesorado administrador unha vez finalizada a proba escrita ou oral.

Dereito a reclamar

De acordo co establecido no apartado 23 da Resolución do 16 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional, calquera persoa candidata que estea en desacordo coa súa cualificación final poderá presentar unha reclamación ante a dirección da escola oficial de idiomas nun prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados.

A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.
- Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitaralle ao departamento correspondente informe, no que deben constar as causas da ratificación ou rectificación da nota, e informará por escrito o alumnado implicado da resolución adoptada.

De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer un recurso de alzada perante a Xefatura Territorial da consellería competente en materia de educación contra a resolución da dirección da escola, nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa recepción.

6. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán:

- Ser puntuais e presentarse na aula onde se realizará a proba escrita á hora indicada na convocatoria. Non se lle permitirá a entrada á aula a ningunha persoa candidata despois do último chamamento.
- Consultar a súa convocatoria concreta para as probas de produción e coprodución de textos orais e a de mediación oral, publicadas polo centro. Estas probas orais poderán ser fixadas para antes ou despois da proba escrita.
- Presentar o DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade cando llelo requiran na aula.
- Presentar o resgardo da matrícula.
- Usar bolígrafo azul ou negro para realizar o exame, porque as probas escritas con lapis ou emendadas con líquido ou cinta correctora non serán cualificadas.
- Manter apagados os teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico durante toda a proba.
- Entregar todos os documentos do exame (incluídos os borradores) ao finalizar a proba



correspondente.

- Asinar na folla de sinaturas cando entregan cada parte da proba.
- Saír da aula con discreción e permanecer en silencio absoluto nos corredores do centro para non molestar as demais persoas que continúen realizando a proba.

7. DEFINIÇÃO DO NIVEL AVANZADO C1

O nivel avanzado C1 das EOI de Galicia equivale ao nivel C1 definido no *Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)*, un documento creado pola división de Política Lingüística do Consello de Europa, coa intención de proporcionar, en toda a súa zona de influencia, unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais etc.

Segundo o Decreto 81/2018, do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto):

As ensinanzas de nivel avanzado C1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para actuar con flexibilidade e precisión, sen esforzo aparente e superando facilmente as carencias lingüísticas mediante estratexias de compensación, en todo tipo de situacións nos ámbitos persoal e público, para realizar estudos a nivel terciario ou participar con seguridade en seminarios ou en proxectos de investigación complexos no ámbito académico, ou comunicarse eficazmente en actividades específicas no eido profesional.

Para isto, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con gran facilidade, flexibilidade, eficacia e precisión para comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla gama de textos orais e escritos extensos e estruturalmente complexos, precisos e detallados, sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas de carácter xeral ou especializado, incluso fóra do propio campo de especialización, en diversas variedades da lingua, e con estruturas variadas e complexas e un amplo repertorio léxico que inclúa expresións especializadas, idiomáticas e coloquiais e que permita apreciar e expresar matices sutís de significado.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel avanzado C1, o alumnado será capaz de:

- *Comprender, independentemente da canle e incluso en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, incluso cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.*
- *Producir e coproducir, con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, e independentemente da*



canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros e cunha entoación e un acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

- *Comprender con todo detalle a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, incluso sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.*
- *Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos ditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada, utilizando para isto, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva.*
- *Mediar con eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, trasladando con flexibilidade, corrección e eficacia tanto información como opinións, implícitas ou explícitas, contidas nunha ampla gama de textos orais ou escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, identificando e reflectindo coa maior exactitude posible as diferenzas de estilo e rexistro e utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias discursivas e de compensación para minimizar as dificultades ocasionais que puidese ter.*

8. ESTRUCTURA DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL AVANZADO C1

ACTIVIDADE DE LINGUA	TIPOLOXÍA DE TAREFAS	PUNTUACIÓN
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	Tarefa 1: Emparellamento sinxelo	7
	Tarefa 2: Completar un esquema, (info)gráfico, extracto dunha charla ou conferencia, apuntamentos, tomar notas...	9
	Tarefa 3: Opción múltiple	9
PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	Tarefa 1: Producción de textos orais	12,5
	Tarefa 2: Coproducción de textos orais	12,5
MEDIACIÓN ORAL	Tarefa: Seleccionar, resumir, sintetizar, explicar, transmitir, reformular, adaptar ou ampliar información	12,5
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	Tarefa 1: Emparellamento sinxelo	8
	Tarefa 2: Verdadeiro/Falso con xustificación	8
	Tarefa 3: Opción múltiple	9
PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	Tarefa 1: Coproducción de textos escritos	12,5
	Tarefa 2: Producción de textos escritos	12,5
MEDIACIÓN ESCRITA	Tarefa: Seleccionar, resumir, sintetizar, explicar, transmitir, reformular, adaptar ou ampliar información	12,5

Nas probas de comprensión de textos orais e escritos, cada ítem ten o valor de **1 punto**.

*A mediación textual refírese á competencia/habilidade que teñen as persoas candidatas para seleccionar e transmitir información relevante dun ou varios texto/s fonte, adaptándoa ás necesidades comunicativas da persoa destinataria e ao propósito comunicativo requirido pola tarefa. É preciso procesar e adaptar esa información.

9. DISTRIBUCIÓN E ORDE DE ADMINISTRACIÓN DA PROBA

A proba administrárase en dúas sesións, unha para a parte escrita e outra para as probas de produción e coprodución de textos orais e mediación oral.

SESIÓN I

ACTIVIDADES DE LINGUA	DURACIÓN
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	60 minutos
PAUSA	10 minutos
PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	80 minutos
MEDIACIÓN ESCRITA	20 minutos
PAUSA	10 minutos
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	40 minutos
TOTAL	3h 40min

SESIÓN II

ACTIVIDADES DE LINGUA	DURACIÓN (POR PARELLA)
PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	25 minutos
MEDIACIÓN ORAL	
TOTAL	

A sesión correspondente ás actividades de lingua de produción e coprodución de textos orais e mediación oral poderá ter lugar antes ou despois da sesión correspondente ás outras actividades de lingua. A intervención das persoas candidatas gravárase en audio.

10. COMPETENCIAS E CONTIDOS

As competencias e os contidos da proba de certificación de nivel avanzado C1 serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo).

11. TEMAS

Os temas sobre os que se basearán as distintas tarefas da proba de certificación de nivel avanzado C1 serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo, anexo I). Cubrirase a maior variedade de temas posible e evitarase repetir temas nas diferentes tarefas:

- Alimentación
- Bens e servizos
- Ciencia e tecnoloxía
- Compras e actividades comerciais



- Cultura e actividades artísticas
- Economía e industria
- Educación e actividades académicas
- Goberno, política e sociedade
- Identidade persoal
- Información e medios de comunicación
- Lecer e tempo libre
- Relacións persoais e sociais
- Relixión e filosofía
- Saúde, coidados físicos e atención sanitaria
- Traballo e actividades profesionais
- Viaxes e estancias no estranxeiro
- Vivenda, fogar e contorna
- Xeografía, natureza e medio rural

12. TIPOS DE TEXTO

Utilizaranse textos auténticos na súa forma orixinal que cumpran as características e obxectivos das tarefas:

POSIBLES TEXTOS ORAIS	POSIBLES TEXTOS ESCRITOS
<ul style="list-style-type: none"> • Anuncios publicitarios complexos retransmitidos • Instrucións e indicacións detalladas • Conversas especializadas • Reunións de traballo con vocabulario específico • Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos • Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas... • Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo • Sondaxes e cuestionarios complexos • Audiovisuais • Conferencias, presentacións e declaracións 	<ul style="list-style-type: none"> • Correspondencia persoal e profesional especializada • Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos • Instrucións extensas • Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade • Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática • Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoién excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica • Informacións, anuncios e slogans publicitarios

<p>públicas específicas e detalladas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cancións • Representacións teatrais • <i>Podcasts</i> • Informativos • Clases gravadas • Páxinas web gobernamentais 	<ul style="list-style-type: none"> • Textos que poidan amosar trazos non normativos • Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral • Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade • Textos ensaísticos
---	---

13. CARACTERÍSTICAS DE CADA PARTE DA PROBA

COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender información global e ideas principais. • Comprender información detallada. • Comprender información de forma selectiva. • Comprender información implícita e explícita. • Comprender opinións e actitudes. • Organizar e discriminar información. • Identificar pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre as persoas falantes.
NÚMERO DE TAREFAS: Entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DAS TAREFAS	
<ul style="list-style-type: none"> • Emparellar textos con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal. • Contestar preguntas de resposta breve. • Completar información en esquemas, diagramas etc. • Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas. • Contestar preguntas de opción múltiple (a, b, c) cunha soa resposta correcta. <p>As gravacións correspondentes a cada tarefa escoitaranse dúas veces.</p> <p>Ningunha persoa candidata poderá abandonar a aula antes de que remate a audición de todos os textos orais.</p>	

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Expor información de xeito detallado. • Describir temas complexos. • Realizar narracións elaboradas, integrando subtemas. • Recapitular e reformular información. • Iniciar, manter e concluír a exposición dun tema. • Argumentar. • Expresar ideas e opinións. • Realizar propostas. • Participar activamente en conversas e discusións formais e informais.
NÚMERO DE TAREFAS: 2	
DESCRIPCIÓN DA PROBA	
<p>A proba realizarase por parellas (ou tríos, se é o caso) e será gravada en audio.</p> <p>A proba constará das seguintes fases:</p> <p>Acollida (non avaliable).</p> <p>Tarefa 1. Producción de textos orais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A exposición realizarase individualmente seguindo as instrucións dunha ficha que entrega o profesorado administrador. • A persoa candidata terá 2 minutos para preparar o seu tema. • Unha vez transcorrido o tempo de preparación, cada persoa candidata exporalle o seu tema ao/á compañeiro/a durante un máximo de 2-3 minutos. <p>Tarefa 2. Coproducción de textos orais.</p> <p>Coproducción entre as persoas candidatas a partir dunha ficha que presenta unha situación relativa á actualidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • As persoas candidatas deberán: argumentar os seus puntos de vista, explicar as posibles causas das problemáticas que se presenten e propor solucións, comparar e contrastar alternativas. • Valóranse tamén as estratexias de interacción que as persoas candidatas empreguen no na coproducción así como respectar as quendas de palabra. • Lectura das instrucións da tarefa: 2 minutos. • Diálogo: mínimo 4 minutos - máximo 5 minutos (5-6 minutos en caso de trío). <p>Despedida (non avaliable)</p>	



<p>AVALIACIÓN</p>	<p>Tribunal formado por 2 profesores/as.</p> <p>Un/ha profesor/a administra e outro/a avalía.</p> <p>Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <p>EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none">• Ao cumprimento das funcións comunicativas da tarefa.• Ao desenvolvemento dos puntos indicados na tarefa cun contido axeitado.• Á capacidade de colaborar e interactuar coa persoa interlocutora.• Á organización da información e das ideas.• Ao uso de estruturas organizativas, conectores e outros mecanismos de cohesión.• Ao uso dun rexistro e/ou estilo axeitado en función da persoa destinataria, do propósito comunicativo e da situación. <p>FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none">• Á duración e á frecuencia das pausas.• Á intelixibilidade do discurso.• Á variación na entoación. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none">• Á variedade e precisión das estruturas morfosintácticas.• Ao grao de corrección morfosintáctica. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none">• Á variedade e precisión dos recursos léxicos.• Ao grao de corrección léxica.
--------------------------	---



MEDIACIÓN ORAL	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Seleccionar, procesar, sintetizar e/ou resumir información. • Transmitir, recapitular e reformular información. • Adaptar e recontextualizar información.
NÚMERO DE TAREFAS: 1	
DESCRICIÓN DA PROBA	
<p>TAREFA: Seleccionar e transmitir oralmente información necesaria e relevante dun ou varios textos fonte para cubrir as necesidades comunicativas da/s persoa/s destinataria/s.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Preparación: 2 minutos • Intervención individual: 1-2 minutos 	
AVALIACIÓN	<p>Dobre corrección por un tribunal de 2 profesores/as</p> <p>Utilizarase un baremo que avaliará os seguintes aspectos:</p> <p>A capacidade para cumprir o propósito comunicativo.</p> <p>A capacidade para adaptarse ás necesidades comunicativas da/s persoa/s destinataria/s.</p> <p>A capacidade para facilitar e transmitir a información requirida cunha linguaxe apropiada.</p>

COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender información global e ideas principais. • Comprender información detallada, técnica e específica. • Comprender información de forma selectiva. • Comprender información implícita e explícita. • Comprender opinións e actitudes. • Identificar detalles sutís que inclúen actitudes e opinións tanto implícitas coma explícitas.
NÚMERO DE TAREFAS: Entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DAS TAREFAS	
<ul style="list-style-type: none"> • Emparellar textos con títulos ou con enunciados que resuman a idea principal. • Contestar preguntas de resposta breve. • Completar información en esquemas ou diagramas. • Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas (xustificando a resposta). • Contestar preguntas de opción múltiple (a, b, c) cunha soa resposta correcta. 	

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Expoñer e solicitar información. • Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións. • Narrar sucesos e acontecementos. • Expresar desexos, sentimentos e opinións. • Diferenciar entre ideas principais e secundarias. • Argumentar. • Formular propostas e conclusións. • Formular hipóteses e facer predicións.
NÚMERO DE TAREFAS: 2	
DESCRINCIÓN DA PROBA	
<p>TAREFA 1. Coprodución de textos escritos: Escribir correspondencia formal ou semiformal. Extensión: mínimo 120 palabras - máximo 150 palabras.</p> <p>TAREFA 2. Producción de textos escritos: Redactar un texto de opinión para unha revista, un xornal, un foro de Internet, unha web etc./unha opinión na sección de comentarios dun xornal/nun blog. Extensión: mínimo 180 palabras - máximo 210 palabras.</p> <p>Trataranse todos os puntos indicados nas tarefas. Respectarase a extensión indicada para cada tarefa.</p>	
AVALIACIÓN	<p>Dobre corrección por un tribunal de 2 profesores/as</p> <p>Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <p>EFICACIA COMUNICATIVA</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ao cumprimento das funcións comunicativas da tarefa. • Ao tratamento dos puntos indicados na tarefa cun contido axeitado. <p>ADECUACIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ao estilo adoptado. • Ao uso dun rexistro e/ou estilo axeitado en función da persoa destinataria, do propósito comunicativo e da situación. • Á utilización dun formato textual apropiado. • Á extensión do texto. <p>ORGANIZACIÓN E COHESIÓN</p> <p>Refírese:</p>

	<ul style="list-style-type: none"> • Á organización da información e das ideas. • Á utilización de conectores e outros mecanismos de cohesión. • Á distribución en parágrafos. • Ao uso adecuado da puntuación. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á variedade e precisión das estruturas morfosintácticas. • Ao grao de corrección morfosintáctica. • Ao grao de corrección ortográfica. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á variedade e precisión dos recursos léxicos. • Ao grao de corrección léxica.
--	---

MEDIACIÓN ESCRITA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Seleccionar, procesar, sintetizar e/ou resumir información. • Transmitir, recapitular e reformular información. • Adaptar e recontextualizar información.
NÚMERO DE TAREFAS: 1	
DESCRIPCIÓN DA PROBA	
<p>TAREFA: Escribir unha mensaxe/texto breve/resumo, seleccionando e transmitindo información relevante dun ou varios textos fonte para cubrir as necesidades comunicativas da/s persoa/s destinataria/s.</p> <p>Extensión: mínimo 60 palabras – máximo 70 palabras</p> <p>Trataranse todos os puntos indicados na tarefa e respectarase a extensión indicada.</p> <p>No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés o número de palabras ou caracteres poderán ser distintos.</p>	
AVALIACIÓN	<p>Dobre corrección por un tribunal de 2 profesores/as</p> <p>Utilizarase un baremo que avaliará os seguintes aspectos:</p> <p>A capacidade para cumprir o propósito comunicativo.</p> <p>A capacidade para adaptarse ás necesidades comunicativas da/s persoa/s destinataria/s.</p> <p>A capacidade para facilitar e transmitir a información requirida cunha linguaxe apropiada.</p>



14. RESULTADOS

Os resultados das probas publicaranse antes de finalizar o mes da súa realización. Cada escola determinará a data exacta de publicación.

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba, é dicir 81,25 puntos.

As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

Así mesmo, calquera persoa que obteña a cualificación de NON APTO poderá presentarse de novo en convocatorias posteriores das probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por proposta da escola oficial de idiomas na que se realiza a proba, expediralles o correspondente certificado de nivel avanzado C1 a aquelas persoas candidatas que superasen estas probas, unha vez que a persoa candidata o solicite e aboe os prezos públicos correspondentes á expedición do dito certificado na secretaría do centro examinador.

15. RECOMENDACIÓNS FINAIS

Antes da proba

Lea atentamente a guía informativa e de especificacións para as persoas candidatas e familiarícese co proceso de realización das probas.

Asegúrese do día, hora e aula de cada parte da proba escrita.

Consulte a súa convocatoria concreta para as probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral publicada polo centro; lembre que estas probas poderán ser fixadas para antes ou despois da proba escrita.

Durante a proba

- Escriba o seu nome e apelidos na folla do exame.
- Lea con atención todas as instrucións.



- Distribúa adecuadamente o tempo de que dispón para realizar as diferentes tarefas. Resulta conveniente reservar uns minutos finais para poder facer un repaso xeral e corrixir posibles erros.
- Escriba con letra clara en todas as partes da proba.
- Escriba ou marque as respostas con claridade.

Despois da proba

- Abandone a aula con discreción e permaneza en silencio para non incomodar as demais persoas que continúen realizando as probas.